

A LOXSE tiña unha filosofía moi clara **LOXSE** **LOCE** A LOCE non nos gustaba... pero era coherente

A LOE é

Decepcionante

Non se fai unha aposta clara polo Ensino Público

Non se pon freo á crecente privatización

Non se derroga a normativa sobre a selección das direccións

Non se acaba coa xerarquización do profesorado

Non se avanza no Corpo Único de Ensinantes

Non se reducen as ratios

Non se derroga a Lei de FP

Non se elimina que os centros concertados poidan discriminar en función do sexo

Non sae a Relixión do horario lectivo

Non se melloran as condicións laborais do profesorado

Non se aborda a problemática do profesorado interino

Non se pon como ensino obrigatorio o 2º Ciclo da Educación Infantil

Non desaparece o corpo de catedráticos/as

Non se revitaliza a Escola Rural

Non se contempla a Saúde Laboral

Non hai un compromiso claro de financiamento

Aínda que . . .

Anúlense os itinerarios

Liquidase a reválida

Garántense os programas de diversificación curricular

Os principios de normalización e integración para a atención ás nees retómanse

É recuperada a finalidade educativa no 1º ciclo de EI

Apóstase pola comprensividade

Lóuvase a equidade no ensino

Gusta ouvir falar da Educación Compensatoria

O da atención á diversidade mellórase

! menos linguaxe sexista

ORDENAMENTO DAS ETAPAS DO ENSINO

INFANTIL	<ul style="list-style-type: none"> -Recupera o carácter educativo. (art. 12.1) -2º ciclo gratuito. Poderanse establecer concertos con centros privados.(art. 15.2) -Os centros poderán ofertar o 1º ciclo, o 2º, ou ambos os dous. O 1,º poderá ofertarse completo ou unha parte do mesmo. (art. 15.3 e 15.4) 	<ul style="list-style-type: none"> -Positiva recuperación do carácter educativo pero segue sen considerar obrigatorio o segundo ciclo, sobre todo cando se marcan obxectivos curriculares.(art. 12.1, 13 e 14.6) -Como a LOCE; concerta unha etapa non obrigatoria, o que supón un ataque ao ensino público.(art. 15.2) -Calquera centro poderá ofertar o 1º ciclo, coa LOXSE só os centros de infantil. Os concertados poderán coller alumnado desde 0 anos.(art. 15.3)
PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> -Engádate unha nova área educativa: Educación para a Cidadanía. (art.18.2) -Todos os centros farán unha avaliación de diagnóstico ao remate do 2º ciclo de Ed. Primaria (4ºcurso) con carácter formativo e orientador. (art. 21) 	<ul style="list-style-type: none"> - Estes contidos deberán ter un verdadeiro carácter transversal en todas as áreas. -A avaliación de diagnóstico pode dar lugar a unha clasificación de centros.
ESO	<p>1º</p> <ul style="list-style-type: none"> - Materias: CN, EF, XH, LC e LG, LE e MAT. Cando menos un dos tres cursos todo o alumnado cursará: EPV, EC, MÚS, PTI*. (art. 24.1, 24.2) <p>2º</p> <ul style="list-style-type: none"> - En 1º e 2º, como máximo, dúas materias máis que en 6º de Primaria. (art. 24.6) - Posibilidade de desglosar CN en BX e FQ; e PTI en Tecnoloxía e Informática. <p>3º</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nos dous primeiros cursos o profesorado poderá impartir con carácter voluntario máis dunha materia ao mesmo grupo de alumnado. (art. 26.3) - Programas de diversificación curricular para o alumnado de 2º que non poida promocionar a 3º. (art. 27) <p><small>* EPV, educación plástica e visual; EC, educación para a cidadanía; MÚS, música; PTI, procesos tecnolóxicos e informáticos</small></p>	<ul style="list-style-type: none"> - A rebaixa no número de materias nos tres primeiros cursos encobre unha considerable redución de profesorado. ¿Aparecerán as supresións en Secundaria? - Para poder impartir máis dunha materia debería esixirse algún tipo de formación/habilitación, consideramos perigoso o carácter voluntario, pois pode xerar que o profesorado imparta materias para as que non está cualificado.
	<p>4º</p> <ul style="list-style-type: none"> - Materias: EF, EC, XH, LC e LG, MAT, LE e ademais terán que cursar 3 das seguintes: BX, EPV, FQ, INF, LAT, MÚS, 2ºLE, TEC. (art. 25.1,2) - Curso de carácter orientador. Poderán establecerse diferentes opcións mediante a agrupación de materias. (art. 25.3) - A Administración Educativa autorizará a non impartición de determinadas opcións cando o número do alumnado sexa insuficiente. (art. 25.4) 	<ul style="list-style-type: none"> - As Administracións deben garantir que en todos os centros se impartan todas as opcións e non deixar a porta aberta a unha posible especialización.
	<p>Avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación continua. Unha repetición por curso e dúas como máximo dentro da etapa. (art. 28.5) - Promoción con dúas ou menos materias non superadas; non promoción con catro ou máis. A decisión sobre a promoción ou titulación será tomada de xeito colexiado pola comisión avaliadora. (art. 28.2,3) - Programas de reforzo coas súas avaliacións correspondentes para o alumnado que promocioe con materias suspensas. (art. 28.4.) - Avaliación xeral de diagnóstico en 2º, con carácter formativo e orientador. (art. 29) - Proba extraordinaria, para o alumnado de 4º, das materias suspensas. (art. 28.6) 	<ul style="list-style-type: none"> - O art. 29, pode dar lugar a unha clasificación de centros dependendo dos resultados.
	<p>Programas de cualificación profesional inicial:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para o alumnado maior de 16 anos e menor de 21 que non obtivese o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. (art. 30.1.) - Estarán organizados en tres tipos de módulos (obrigatorios e voluntarios) cuxa superación permitirá titular. (art. 30.3,4.) - Poderán participar nestes programas os centros educativos, corporacións locais, asociacións profesionais, organizacións non gobernamentais, outras entidades empresarias e sindicais.As administracións educativas ordenarán a oferta en centros públicos e concertados. (art. 30.5,6.) 	<ul style="list-style-type: none"> - Favorece claramente a privatización destes programas.
BAC	<ul style="list-style-type: none"> - Dous cursos, tres modalidades (Artes (a), Ciencias e Tecnoloxía (b), Humanidades e Ciencias Sociais (c)). (art. 34.1) - Materias comúns: Ciencias para o mundo contemporáneo (modalidades a, c), EF, EC, Filosofía (modalidade b), Historia de España, LC, LG, LE. (Art. 34.7) - Mantense a Selectividade. (art. 38) - AAministración educativa disporá o necesario para que o alumnado poida cursar algunha materia noutros centros ou mediante a modalidade de educación a distancia cando a oferta do seu centro sexa insuficiente. (art. 34.5) 	<ul style="list-style-type: none"> - Valoramos positivamente a desaparición da revalída . - Non sabemos a onde nos pode levar o art. 34.5 ata que vexamos o seu desenvolvemento.
FP	<ul style="list-style-type: none"> -A FP poderase cursar tanto nos centros educativos como noutros centros. (art. 39.5) <p>Condições de acceso</p> <ul style="list-style-type: none"> - As administracións educativas poderán ofertar cursos destinados á preparación das probas de acceso a Ciclos de Grao Medio a quen teña 18 anos e superara un programa de cualificación profesional inicial (PCPI) e de acceso a Ciclos de Grao Superior a quen teña 19 anos (até agora eran 20 anos) e estea en posesión do título de Técnico/a. (art. 41.4) 	<ul style="list-style-type: none"> - Dáse por boa a Lei 5/02 das Cualificacións e da FP. - A dúbida aparece cando nada se regula sobre como e quen pode ofertar estes cursos e cales son os seus contidos. Tememos que estes cursos poidan ser ofertados desde calquera centro sen ningún control e garantía de calidade, e mesmo poidan ser obxecto de concertos singulares, e polo tanto de transvase de fondos públicos, a través desta nova oferta educativa, que será substancial xa que suporá implantar un novo curso polo menos en case todos os centros que teñan PCPIs, e Ciclos de Grao Medio e Superior.

EQUIDADE NO ENSINO

Alumnado con nees e compensación das desigualdades	<ul style="list-style-type: none"> - Principios de normalización e inclusión. (art. 68.2) - NEES: Por incorporación tardía, altas capacidades e circunstancias persoais de discapacidade ou trastornos da conduta. (Art. 68.1) - Os centros contarán coa debida organización escolar e realizarán as adaptacións e diversificacións curriculares precisas. (art. 69.3) - Formación permanente do profesorado para o tratamento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. (art. 69.4) - A identificación das nees realizarase o máis cedo posible. (art. 71.2) - A escolarización favorecerá o réxime de maior integración posible. (art. 71.3) - Eliminación de barreiras e adaptación das condicións físicas e materiais dos centros. (art. 72) - Altas capacidades: Valoración temperá e flexibilización da escolarización con independencia da idade. (art. 75) - Programas específicos para o alumnado que se incorpore tardiamente, ben por proceder do estranxeiro ou por outra causa. (art. 76) - Educación compensatoria: para evitar desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos e doutra índole. Medidas singulares. (art. 78) 	<ul style="list-style-type: none"> - Consideramos moi positivo todo o articulado deste capítulo. - Vemos perigosa a redacción sobre o alumnado con altas capacidades. Dicar que se flexibilizará a escolarización independentemente da idade, cando os principios deben ser de normalización e integración, non encaixa.
Escola Rural	<ul style="list-style-type: none"> - As administracións terán en conta o carácter particular da escola rural e poñerán os medios para atender as súas necesidades específicas. (art. 80.1) - Naquelas zonas rurais nas que se considere aconsellable, poderase escolarizar ao alumnado nun municipio próximo. Neste caso a Administración prestará de balde os servizos de transporte, e no seu caso, comedor e internado. (art. 80.2) 	<ul style="list-style-type: none"> - Esta é toda a consideración que se ten coa Escola Rural. Atender as necesidades específicas, significa, pechar unitarias, centros con poucas unidades e levar ao alumnado para as grandes concentracións escolares, que sae máis económico. O de poñer os medios necesarios xa estaba na LOXSE e o resultado foi o progresivo desmantelamento da Escola Rural.

PROFESORADO

Formación	Formación inicial. - O 1º Ciclo da EI correrá a cargo de mestras/es de EI e doutros profesionais coa debida cualificación. (art. 89.1) - No resto das etapas non hai ningún cambio. (art 89.2, 90.2 e 92)	- Afrontar a reforma da formación inicial e permanente do profesorado é unha necesidade imperiosa. Nós seguiremos a reclamar a licenciatura para acceder á docencia en todos os niveis educativos, con programas diferenciados segundo etapa e especialidade, establecéndose así o Corpo Único de Ensinantes.
	- Formación permanente (art. 99)	- Segue sen contemplarse unha formación continua de calidade en horario lectivo e desvinculada das retribucións, o que conlevaría a desaparición dos sexenios.
Avaliación	- As Administracións educativas fomentarán a avaliación voluntaria do profesorado. (102.3) - Os resultados da valoración da función docente serán tidos en conta de maneira preferente no concurso de traslados e na carreira docente. (102.4)	- Opoñémonos ao carácter voluntario. Todo o sistema debe estar sometido a avaliación interna. - Se os resultados da valoración docente van ser tidos en conta para o concurso de traslados e para a carreira docente, convértenos nun documento público, e polo tanto rexeitable polas súas consecuencias.
	Medidas para o profesorado de centros públicos. - Incentivos económicos e profesionais, por: función titorial, especial dedicación ao centro e impartir clase da súa materia nunha lingua estranxeira nos centros bilingües. (art. 101.2) - Redución de xornada lectiva ao profesorado maior de 55 anos que o solicite, coa correspondente diminución proporcional das retribucións. Poderán, substituír parcialmente a xornada lectiva por actividades doutra natureza sen redución das súas retribucións. (101.2.e)	- A función titorial é unha obriga do profesorado que debe ser compensada con descarga lectiva. Agora ben, mentres existan outra serie de cargos recompensados economicamente, véxase xefaturas de departamento, esta función debe ser tamén recompensada como xa reclamou no seu día o STEG nunha campaña. - Non entendemos que poidan existir diferentes graos de dedicación ao centro. - ¿Terá a mesma compensación o impartir clase na lingua propia de cada nacionalidade? - No art. 101.2 esquecéronse de que isto se demandaba sen merma nas
Condicions laborais	Profesorado de Formación Profesional. - Para determinados módulos poderase contratar como profesorado especialista a profesionais que desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral. Nos centros públicos poderanse establecer contratos de carácter temporal e en réxime de dereito administrativo. (art. 92.2)	- Esta medida é unha clara desregulación e precarización do profesorado que afectará aos cadros de persoal. Ademais, diversifica e xerarquiza cada vez máis ao profesorado. - Facémonos unha pregunta, ¿Que vencello académico terán co centro a nivel de titorías, departamentos, etc?
	Xubilación voluntaria anticipada. - Xubilación voluntaria ata o 4 de outubro de 2010. (Disposición Transitoria Segunda)	- A xubilación voluntaria debe implantarse de maneira indefinida como reclama unanimemente o profesorado. Ademais, o criterio debера ser con 60 anos de idade ou con 30 de servizo.
	Carreira docente - Corpo de Catedráticos/as (Disposición Adicional Sétima)	- Aínda que pareza increíble, mantense como corpo tal e como se recollía na LOCE, cando foi unha das críticas do PSOE a esa lei. Unha medida máis para seguir coa xerarquización do profesorado.
	Bases do Réxime Estatutario da Función Pública Docente - As Administracións poderán realizar procesos de redistribución e recolocación dos seus efectivos. (Disposición Adicional Sexta.4)	- Esta disposición dá a posibilidade ás Administracións educativas para redistribuir ou recolocar os seus efectivos. Esta é unha perigosa medida que permite suprimir, recolocar ou desprazar forzosamente ao profesorado, isto é, un paso máis cara a desregulación das condicións de traballo do profesorado.
	Ingreso e promoción interna. - O acceso á función pública docente seguirá rexido polo concurso-oposición. (Disposición Adicional Duodécima)	- A LOE segue sen dar unha saída ao colectivo do profesorado interino. Acéptase como válido o R.D. 334/2004 de 27 de febreiro cando se recoñeceu publicamente por parte do goberno central que non resolvía a situación. Reclamamos excepcionalmente procesos extraordinarios e unha vez regularizada a situación, e xa de maneira ordinaria, o acceso diferenciado.

CENTROS DOCENTES

Centros concertados	- Os centros concertados non poderán percibir directa ou indirectamente cantidades económicas das familias en concepto de ensinanzas obrigatorias ou servizos asociados a estas. (art. 112) - As cuantías económicas dos módulos incluírán os gastos derivados do PAS e da dirección non docente. (art. 113.3) - Os concertados verán incrementados os módulos económicos que perciben se escolarizan máis alumnado con necesidades específicas do establecido. (art. 113.7) - Terán carácter singular os concertos das ensinanzas postobrigatorias. (Disposición Adicional	- Dato positivo xa que é unha práctica que se vén realizando. - Aspecto este moi grave, xa que os PAS nin sequera se contemplan nos centros públicos e sobre todo, pagar con cartos públicos a dirección non docente. - Parécenos moi grave que para conseguir unha escolarización equitativa do alumnado, se empreguen cartos públicos. ¿É isto prestar o servizo público ao que se refire o artigo 105.1? - Gravísimo que os concertos de infantil non teñan este carácter cando esta tamén é unha etapa non obrigatoria.
	- Escolarización en centros públicos e concertados (art. 82-85) - En ningún caso se poderá discriminar por razóns ideolóxicas, relixiosas, morais, socias ou de nacemento. (art. 82.3)	- O indicado no art 82.3 referente á admisión do alumnado é insuficiente. Non chega con evitar que se discrimine á hora de matricularse ao non compartir o ideario do centro. Senón que non se pode impartir o ideario a quen por razóns de planificación educativa teñen que optar a prazas concertadas. Isto non queda claro, como demostra o que se di no 117.6 sobre o Proxecto educativo dos centros concertados, xa que permite incorporar o carácter propio ao que se refire o artigo 110 desta Lei para os centros privados. - Se non se di que un centro privado concertado non pode ter ideario propio cando presta un servizo público, seguirase, como ata agora, subvencionando idearios privados. - ¿Quere isto dicir que podemos volver aos colexios masculinos e femininos? ¿Ou é unha xanela aberta para concertar certos centros do Opus?
Órganos de goberno	Consello Escolar - O Consello Escolar designará unha persoa que impulse medidas que fomenten a igualdade entre sexos (art 122.2) - O Consello Escolar debe coñecer as candidaturas á dirección e participar na selección da dirección, así como coñecer a resolución de conflitos disciplinarios. (art 123,d) - Proponer a revogación do nomeamento do director/a por maioría dos 2/3. (art. 123,d) - É competencia da dirección impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos. (art. 128, f)	- Recupera competencias respecto á LOCE aínda que perde moitas das que lle asignaba o LOXSE, que pasan a ser agora da dirección.
	- Farase por concurso de méritos igual que se fai agora. (Art. 129.3) - As Administracións establecerán os criterios obxectivos para a baremación - A selección será realizada por unha comisión formada por: - polo menos 1/3 nomeado polo Claustro e outro terzo polo Consello Escolar de entre os seus membros que non sexan profesores. (art. 131.3) - Consideraranse primeiro as candidaturas do profesorado do centro. Cando non haxa candidatos ou estes sexan descartados, valoraranse o resto das candidaturas. (art. 131.5) - O nomeamento poderá renovarse por períodos de igual duración. As Administracións poderán fixar un límite máximo. - Os directores/as avaliados positivamente, percibirán mentres estean en activo unha parte do complemento retributivo.	- Moitas promesas de democratizar os centros para ao final deixar o mesmo sistema que na LOCE. - Funcionarios fieis durante uns anos (valoración positiva para revogación) recoñecemento e retribucións de por vida. Nin tan sequera se pon límite ao nº de mandatos. - Como positivo respecto ao desastre anterior, aínda que non suficiente, é o feito de que se valorarán 1º as candidaturas do centro e de que o Consello Escolar poderá "propor" a súa revogación.

En www.stegsindicato.org, podes atopar unha versión máis ampla deste informe, as 144 emendas presentadas por STEs-Intersindical no CEE ao anteproxecto da LOE, así como todas as novas que se vaian producindo a respecto da nova lei.

28 de abril día internacional da saúde laboral

O 28 de abril celébrase o día internacional da saúde laboral, día no que lamentablemente un ano máis, e xa van case 10 desde a súa publicación, as traballadoras e traballadores do ensino temos que seguir esixindo ás Administracións Públicas o cumprimento inmediato da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Esta lei que entrou en España con anos de retraso a respecto doutros países do noso entorno, orixinou entre as traballadoras e traballadores un certo optimismo –a pesar de que as presións patronais recortaran o contido inicial pactado cos sindicatos-, xa que supoñía o axeitamento do noso obsoleto sistema preventivo ás necesidades reais, ampliaba o eido tradicional da seguridade e hixiene a todo tipo de riscos laborais (movementos repetitivos, carga mental, estrés, posturas), **apostaba pola participación e formación das e dos traballadores, pola prevención como obriga das Administracións e empresas, e modificaba en suma o concepto de saúde laboral, que pasa a entenderse como o esforzo organizado pola sociedade para previr os riscos laborais e mellorar a saúde e o benestar das e dos traballadores no seu posto de traballo.**

Dez anos despois, o optimismo inicial virou en desencanto. As propias Administracións Públicas manifestan unha deixadez extrema ao incumpriren sistematicamente as súas obrigas:

*non se imparte a formación á que a Lei obriga a todas e a todos os traballadores.

*os servizos de prevención teñen dotación insuficiente.

*existen Comités de Seguridade e Saúde aínda sen constituír.

*a maior parte dos centros de traballo non teñen feita nin unha primeira avaliación de riscos.

*a cultura preventiva é inexistente.

Fronte a esta deixadez, desde o STEG seguimos a traballar cunha dobre finalidade. Por unha parte: desenvolver unha cultura preventiva e de reflexión sobre as condicións de traballo e a súa influencia na saúde das e dos traballadores; **e por outra:** esixir das Administracións Públicas o cumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais, mediante a integración da prevención nas súas estruturas organizativas e o desenvolvemento dos preceptivos plans de prevención e o necesario investimento económico, humano e material para mellorar instalacións e condicións de traballo.

Outro ano máis ante un 1º de Maio que reflectirá a situación actual do sindicalismo no noso país e no Estado español: postas en escena dos grandes e acomodados sindicatos e manifestacións do resto de organizacións sindicais; contido, estes últimos pasarán desapercibidos para o conxunto da sociedade, pois os medios de comunicación, que informan ampla e unicamente dos convocantes maioritarios, ignorarannos. E todo **ante a indiferenza dun grande número de persoas asalariadas e desempregadas que ven os grandes sindicatos como algo alleo.** Esta indiferenza debe facernos reflexionar sobre as razóns que levaron a unha grande parte do conxunto de traballadoras e traballadores a ter tal posición. **Actitudes acomodaticias e permanentes cesións ante os gobernos,** do signo que sexan, e ante as patronais, **fixeron que a maioría dos traballadores vexan os sindicatos como unha parte máis do sistema produtivo e económico** e non como unha posibilidade de mellora das condicións de vida e de traballo e, polo tanto, de modificación da sociedade actual. A Europa do capital, a da directiva Bollskestein, a precariedade no traballo, os contratos en precario, a explotación da xuventude e dos inmigrantes, a infravaloración do traballo das mulleres, a nova reforma laboral coa que nos ameazan, a perda de poder adquisitivo dos salarios, a inseguridade no traballo e os accidentes laborais, a desregularización das condicións de traballo, a deslocalización de empresas, os astronómicos beneficios da banca e das grandes empresas..., **a pretensión de**

que a educación se convirta nunha mercadoría e entre no campo do AXCS (Acordo Xeral sobre Comercio e Servizos), **son aspectos da globalización da economía que precisan de sindicatos para frealos,** para conservar a dignidade de traballadoras e traballadores.

Estes sindicatos necesarios non son os que permanentemente están a dar valor sindical e político aos ditados do poder. **Existimos moitas traballadoras e traballadores que estamos convencidos de que é necesario un instrumento de loita para a mellora das nosas condicións de vida e da nosa sociedade,** que estamos convencidos de que é preciso un sindicalismo que non se pregue aos ditados das administracións ou patronais.

Pola nosa parte, **traballamos para a estruturaación dun novo e alternativo modelo sindical que basee a súa acción no asemblearismo, en decisións tomadas polos traballadores en todos os ámbitos, e non tomadas polas cúpulas sindicais.** Agora temos o obxectivo de seguir medrando e, ao mesmo tempo, dando unha resposta máis organizada e contundente ás administracións cando planifiquen medidas que supoñan retrocesos nas nosas condicións de traballo. Ao mesmo tempo, o noso marcado carácter sociopolítico, empéñanos tamen no cambio da sociedade para contribuír a melloralala.

Hai, polo tanto, outro sindicalismo: agora é tempo de fortalecelo e estendelo, para que sexa un mellor instrumento de progreso social, e para que o conxunto da sociedade teña o convencemento de que **HAI OUTRO SINDICALISMO.**

As oposicións empezarán en maio

A Consellaría fai caso omiso ás peticións que o profesorado fixo a través do STEG.

O adianto das oposicións xerou moita polémica nos centros de ensino. O profesorado manifestouse abertamente en contra desta medida. O STEG recolleu a opinión do profesorado e transmitiulla á Consellaría a través das numerosas Actas de Claustro que os centros asinaron.

Na citada Acta de Claustro, o STEG explicaba como esta decisión afectaría significativamente ao desenvolvemento normal da docencia no último trimestre do curso, vulnerando deste xeito todos os principios de calidade no Ensino.

Esta situación, innecesariamente xerada pola Consellaría de Educación, afectará tanto ao funcionario que forme parte dos tribunais de oposicións como, e de maneira especialmente grave, ao profesorado interino e substituído que se verá obrigado a simultanear as súas clases co proceso de oposición. Situándose en clara desvantaxe respecto do profesorado libre.

Tampouco escapará desta situación o alumnado que terá nas clases a un profe-

sorado significativamente máis estresado por teren que compaxinar dúas difíciles tarefas sen lugar ao descanso. **Lembre-mos que este adianto conleva a realización das probas de oposición en fins de semana.**

A pesar desta posición practicamente unánime do profesorado, a Consellaría non atendeu esta petición, desentendéndose unha vez máis dunha parte importante do proceso educativo, o profesorado. Non se conseguiu paralizar esta medida xa que a Consellaría anunciou o comezo das probas para a segunda quincena de maio. E non só para as probas de castelán e galego, senón que tamén está previsto que a proba práctica se realice a finais de maio ou principios de xuño.

O STEG agradece a colaboración dos centros no apoio á nosa Acta de Claustro na que solicitábamos a retirada desta medida arbitraria e antipedagóxica e a reubicación dos exames no mes de xuño.

Recurridas as oposicións do 2004

Nas semanas anteriores á Semana Santa o profesorado de Secundaria en prácticas recibiu unha comunicación da Consellaría de Educación na que se lle informaba da existencia dun recurso contencioso administrativo –recurso 32/05- contra a convocatoria de oposicións de 2004.

Como é coñecido por vós, este recurso que está sendo estudado para sentenza no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, fundámntase en dous motivos:

1. Falta de respecto ás bases da convocatoria polo feito de que o contido da proba de galego non fora preparado polos tribunais senón pola Administración. Con todo, a propia convocatoria (base 7.3) indica que a proba de galego será facilitada aos tribunais pola Dirección Xeral de Persoal, así que entendemos que este motivo non debe prosperar, posto que se cumpriu co previsto nas bases.
2. Vulneración do R.D. 334/04 ao non se ter respectado o anonimato dos opositores que participaron nesta proba, debido a que os sobres que contiñan os exames estaban asinados e os tribunais puideron consecuentemente coñecer a identidade dos opositores. A respecto deste motivo de impugnación haberá que agardar á explicación que facilite a Administración sobre a forma en que este dereito foi garantido durante o desenvolvemento da proba.

O recurso foi presentado co apoio da Asemblea de Profesorado Numerario de Galicia, pensamos que máis co obxectivo de forzar unha negociación que de obstaculizar o normal desenvolvemento do proceso de nomeamento de funcionarios/as de carreira das persoas que aprobaron a oposición 2004.

Pero convén non esquecer que é a Consellaría de Educación a máxima responsable desta situación, porque efectivamente non coidou os procedementos que desenvolven o decreto de acceso á función pública docente e per-

mitiu que se cometesen erros graves como os que se denuncian neste recurso, provocando este longo e tedioso procedemento xudicial co que nos atopamos.

Nesta situación, o STEG desde o primeiro momento fixo un chamamento á tranquilidade, porque valoramos que as posibilidades de que este recurso teña efectos sobre as/os opositores/as aprobados son mínimas. **A esta altura xa está descartada a suspensión cautelar do procedemento de oposición e continúa c con normalidade o procedemento administrativo de nomeamento de funcionarios/as de carreira.**

Pero ao mesmo tempo que tranquilizamos, ofrecemos a todas as persoas, afiliadas ou non, a posibilidade de ser representadas neste recurso pola asesoría xurídica do STEG. Deste xeito, a través da representación dun importante número de compañeiras e compañeiros, o STEG participa directamente e de maneira activa na defensa dos funcionarios/as en prácticas que con moito esforzo superaron o concurso oposición para o acceso á función docente.

Ademais, durante todo o que dure este procedemento o STEG informará puntualmente sobre o seu desenvolvemento, das alegacións achegadas por parte da Consellaría e das demais partes persoas das e das resolucións que finalmente adopte o Tribunal Superior.

No futuro, non temos descartado que poidan aparecer outros recursos, pero si estamos seguras e seguros de que responderemos con igual seriedade e rigor que o fixemos nesta ocasión.

hai outro sindicalismo

